

I

Cando soou o teléfono e lin na pantalla o nome da miña irmá, souben que naquela chamada viña a noticia que agardaba con temor desde había dous meses. O reloxo de Notre-Dame dera as cinco había pouco. Elsa nunca me chamaría a esa hora de non suceder algo grave; adoitaba facelo á noitiña, cando tiña a seguridade de que me atoparía na casa, liberado de calquera compromiso. As nosas conversas tornáranse xa un hábito diario, des que mamá se puxera mala e houbera que ingresala no hospital.

—Ola, Elsa. Sucede algo?

—Ola, Gabriel —os saloucos e a voz entrecortada adiantáronme o que a seguir expresaron as súas palabras—. Mamá acaba de morrer. Aínda estamos aquí, no cuarto do hospital. Es a primeira persoa a quen chamo.

Fiquei mudo durante uns instantes, escoitando a respiración axitada da miña irmá. Que se pode dicir nun momento así, cando non se encontran as palabras que expresen cabalmente os sentimentos?

—Volveulle fallar o corazón, pouco despois do mediodía.

E desta vez non o puido resistir –continuou, entre saloucos–. Nin puido nin quixo. Ela xa había días que se dera por vencida.

–Preguntou por min?

–Sempre me preguntaba, sabes ben que non pasaba día sen falarmos de ti. Mesmo hoxe pola mañá, ao espertar e ver a néboa mesta coa que amencemos, falou do frío que había facer en París. Parecía encontrarse mellor, con outro ánimo, mais co paso das horas foi empeorando. Despois fóiselle o sentido e xa non espertou.

–Non sufriu, daquela?

–Cóntoche despois, agora téñote que deixar –a través do teléfono, chegábame o balbordo dalgunhas voces descoñecidas–. Acaban de entrar os da funeraria, debeu de avisalos a enfermeira. Teño que arranxar con eles o traslado a Monteverde.

Coidei que remataría a conversa nese punto, mais o auricular seguía a transmitir a respiración axitada da miña irmá, coma se se negase a abandonar aquela fina canle que nos unía. Tras unha pausa inacabable, pronunciou por fin as palabras tan temidas:

–E pensas vir?

Era a mesma pregunta que eu me levaba facendo desde había varias semanas, desde que a doenza de mamá me fixera tomar conciencia de que a súa vida non había tardar en apagarse.

–Non te quero forzar, fai como vexas –adiantouse Elsa–. Só cho pregunto porque, se vés, atrasamos un día o enterro e facémolo o 25, para que teñas tempo de chegar. Se non vas vir, podemos enterrala mañá.

Lembrei a morte do meu pai, xa tan distante, e os remordementos que aínda me asaltaban de cada pouco por non

estar presente cando faleceu, por non volver para honrar a súa memoria, por deixar soas a mamá e a Elsa naqueles días de dolor. Se nesta ocasión tampouco acudía, os remorsos habían devorarme no futuro.

—Irei, si —contestei por fin—. Prepara todo para o día 25.

Sentei nunha das cadeiras da sala, apoiei os cúbados na mesa e enterrei a cabeza entre as mans. Xa estaba feito, atrevérame a dicilo, agora non había volta atrás. Ía regresar a Monteverde, tras trinta e dous anos de ausencia, despois de xurar e perxurar que nunca máis volvería. Como esquecer a data da miña marcha, ou, mellor, da miña fuxida? Imposible facelo, formaba parte deses contados momentos esenciais que definen unha vida. Fora o 9 de outubro de 1970, o día en que subín ao tren na Coruña e emprendín a difícil viaxe que me acabaría traendo a París.

Trinta e dous anos xa! Malia a distancia que me afastaba dela, en tempo e en quilómetros, Monteverde nunca deixara de estar presente na miña cabeza. Marchei odiando aquela sociedade hipócrita e clasista, aquela xente servil que se axeonllaba submisa ante os poderosos, e algo dese odio aínda segue a buligar no máis fondo do meu ser. Elsa sempre me di que as cousas cambiaron moito, que a vila non se parece en nada á que eu deixei. Se cadra é certo, talvez o que teño na memoria é unha foto fixa daquel tempo, unha imaxe conxelada dunha vila que xa non existe, mentres que a realidade seguiu transformándose co transcórren dos anos.

O máis cómodo sería non volver. Ficar aquí, ben lonxe, sobre todo agora que mamá deixou para sempre de sufrir.

Pero, se non vou, non podería mirarme no espello nunca máis. Non podo deixar a Elsa soa outra vez, non podo consentir que a covardía me venza tamén nesta encrucillada derradeira.

–Pásache algo, Gabriel? –Christine acababa de entrar na sala sen que eu me decatase da súa presenza. Erguín a cabeza e mireina. Tiña unha expresión preocupada, e había unha certa alarma nos seus ollos.

–Morreu a miña nai –que estrañas me soaban aquelas palabras, como ditas por alguén que recitase un guión alleo–. E decidín ir ao enterro, acabo de llo comunicar a Elsa.

Christine calou. Que ía dicir, se tantas veces faláramos da inevitable chegada deste momento, o de me ver na obriga de regresar algún día a Monteverde. Achegouse a min e, apoiándose no respaldo da cadeira, apertoume cos brazos coma se quixese protexerme dos meus fantasmas. Deixei-me agarimar, na procura dun acougo imposible. Christine, a amante amiga, a miña cómplice. Erguínme e busquei o contacto cálido do seu corpo. Abraceime a ela con intensa ansia, consciente de que era a persoa central da miña vida, a única que soubera entender os meus odios e os meus medos. Ao separármonos, tentei adoptar de novo o papel de home resolutivo:

–Vou marchar hoxe, seguramente hai voos nocturnos a Barcelona ou a Madrid. Así mañá collo un avión que saia cedo para Galicia. Por que non me miras en Internet, mentres preparo a equipaxe?

Subín ao dormitorio e metín as cousas indispensables na pequena maleta de viaxe. Total, pensaba estar o mínimo imprescindible, fuxiría de Monteverde en canto me fose posible. Mirei o calendario: o día do enterro, o 25, era xoves. Pode-

ría regresar o domingo, así estaría de volta en París ao comezo da semana, e continuar o luns coa miña vida de sempre.

Christine subiu para comunicarme que houbera sorte cos voos. Había un que saía ás nove da noite con destino a Barcelona. Podería durmir nalgún dos hoteis próximos ao aeroporto e, ao outro día, coller o avión que saía ás sete e media con destino a Santiago de Compostela.

—Así, ás nove da mañá estarás en Galicia. É o máis rápido que che puiden atopar. —Christine ollou logo para a maleta aberta sobre a cama e preguntou—: Que roupa vas levar?

—A imprescindible. Algunhas mudas, tres camisas e outro pantalón. As cousas de aseo e as medicinas. E o libro que ando a ler, *Tout ce qui meurt*. Conto con estar só tres días, non preciso máis nada.

—Non podes marchar así, Gabriel. Ao enterro de túa nai tes que levar un traxe, presentarte como a ela lle gustaría verte —contestou, con ton firme e decidido—. Deixa, anda, que xa o dobro eu e cho coloco na maleta.

Christine elixiu un traxe negro, unha camisa branca e unha gravata gris que ben podería pasar por negra. Baleirou a maleta e colocou todo de novo, dun xeito ben máis ordenado.

—Despídeme das nenas, explícalles por que tiven que marchar deste xeito apresurado —díxenlle, mentres a abrazaba unha vez máis. Tentei aparentar que se trataba dunha despedida rutineira, mais delatábame o involuntario tremor que me percorría o corpo—. Chámovos ao chegar a Barcelona.

Fun en taxi ata o aeroporto Charles de Gaulle. Viaxara en moitas ocasións a Barcelona nos últimos anos, sabía de sobra as rutinas que debía seguir. Desta vez, a única novidade era non ter que cambiar a moeda; o euro levaba tres meses

de vida e, aínda que convivía co franco ou coa peseta, en España xa circulaba con tanta normalidade coma en París.

Durante o voo, incapaz de durmir, fixen o posible por manter a mente en branco e non pensar en nada. A vida acababa de acelerárase sen eu pretendelo, agardábanme uns días difíciles en Monteverde. Non me quedaba outra que enfrontarme cos meus fantasmas cando chegase o momento.

Preferín non baixar a Barcelona e instaleime no hotel máis próximo ao aeroporto. Recluíme no cuarto e, tras chamar á casa, acompañei durante tres ou catro capítulos as peripecias do detective Charlie Parker, unha alma atormentada que me tiña fascinado des que o descubrira. Logo intentei durmir, mais apenas o conseguín, a cabeza non deixaba de me dar voltas. Aínda así, logrei erguerme á hora e chegar puntual ao aeroporto.

O avión a Compostela ía case cheo, con xente que parecía estar ben máis despexada ca min. Escoitei algunhas conversas en galego, e outras en castelán ou catalán. Malia os intentos de botar unha soneca, a cabeza non me deu tregua en ningún momento. A imaxe de mamá, a do meu pai e, sobre todo, a da vila da que fuxira en 1970 negábanse a lle dar descanso ao meu cerebro.

Ao chegar a Lavacolla, aluguei un Golf dunha cor gris escura e, tras consultar un mapa actualizado que me cederon na axencia, dispúxenme a emprender a viaxe a Monteverde. Antes de marchar, chamei a miña irmá:

–Bos días, Elsa. Son Gabriel. Acabo de aterrizar en Santiago. Aluguei un coche, vou saír agora mesmo para aí.

–Xa estás en Santiago? Canto me alegra oírte, non o sabes ben! –a súa voz reflectía un profundo cansazo, Elsa tampouco debiera durmir moito aquela noite–. Eu teño que

marchar dentro de pouco para o tanatorio. Podes acercarte por alí en canto chegues.

O tanatorio? Cando abandonei Monteverde, os defuntos velábanse na casa e o velorio prolongábase toda a noite, entre cafés e animadas conversas na cociña, polo menos no que se refire aos homes, pois as mulleres non abandonaban o cuarto onde se colocaba o cadaleito e víanse na obriga de mostrar a cadora respecto e dor polo defunto. De súpeto, sentínme tan perdido coma un náufrago no mar alto. De que tanatorio me falaba Elsa? Como ía achegarme ao lugar, se nin sequera sabía onde estaba? Ademais, afogábame a idea de camiñar só polas rúas e ter que enfrontar os rostros das persoas coas que me cruzaría. Era irracional, si, mais sentíame incapaz de vencer aquel temor.

—Escoita, miña irmá. Non me encontro con forzas para facer o que me pides, trata de me entender. Non podo chegar aí e poñerme a preguntar coma se fose un turista. Quero verte a ti primeiro, soa. E logo xa poderemos ir xuntos ao tanatorio ou a onde ti queiras. Do xeito que me dis, non me sinto capaz.

Elsa pareceu entender ben os meus medos. Acordamos que ás once me agardaría nun aberto que hai despois de cruzar a ponte do Lovelle, a esa hora non habería ninguén. Tras este acordo fixen a viaxe máis tranquilo, satisfeito ao comprobar a mellora das estradas, e mesmo a existencia dalgún tramo de autovía. Estabamos a 24 de abril. Notábase ben a entrada da primavera, había no aire unha luminosidade especial. As follas de cor verde clara cubrían os escasos carballos que puiden albiscar, porque a un lado e a outro non se vía máis que unha continua sucesión de eucaliptos, unha paisaxe monótona que acabou por inquietarme. Con todo,

a miña ollada non pasaba de superficial, porque o que me reclamaba a atención era o desazo que sentía medrar polo corpo adiante a medida que me achegaba a Monteverde. O desazo e os latexos incontrolados do corazón, agalloupan-do peito arriba.